



MANIFESTACIÓN 25 de Setembro (A Coruña)

O pobo galego unido contra a depredación enerxética

- Entidades sociais das áreas urbanas e rurais convocan á cidadanía a manifestarse na Coruña o domingo 25 de setembro, ás 12h., baixo o lema “O pobo galego unido contra a depredación enerxética”. A mobilización partirá da Delegación do Goberno, percorrerá os cantóns, a Avenida da Marina e rematará na Praza de María Pita.

A Coruña, 16 de Setembro 2022. Representantes dos colectivos da Coruña e comarca que convocan a manifestación [“O pobo galego unido contra a depredación enerxética”](#) -á que xa confirmaron o seu [apoio colectivos, organizacións e plataformas](#) de toda Galiza-, presentaron onte en [ROLDA DE PRENSA](#) as claves de dita mobilización, enmarcada nas actividades convocadas na cidade da Coruña co gallo da Semana da Acción Global polo Clima.

IRIS MCKIRDY, do Centro Social A Comuna, no coruñés barrio de Montealto, destacou que “na Galiza o fluxo de persoas entre o rural e o urbán é constante; non son poucos os que veñen ás cidades dende o rural para estudar ou a traballar, ou xente que naceu nas cidades pero decidiu marchar ás aldeas, polo que a liña que separa o rural e o urbano non está tan definida como noutros territorios. E aínda así, o peso da loita pola defensa da nosa terra recae en gran parte sobre os entornos rurais. É preciso que as cidades sumen a súa forza a estes movementos. Ademais, se ben o 85% destes macroproxectos de polígonos industriais eólicos están proxectados sobre vilas e aldeas de menos de 5.000 habitantes, as cidades tamén se vén influenciadas polas mudanzas que se producen no medio natural. Por exemplo, os polígonos industriais eólicos [Legre](#) e [Carboeiro](#) afectarán aos ríos Mendo e Barcés respectivamente, que subministran ao encoro de Cecebre, do que se serven máis de 200.000 coruñeses para obter auga todos os días. Por todo isto, porque é unha cuestión de dignidade defender o noso dereito a habitar nun territorio saudábel, non imos ficar caladas mentras un grupo de empresarios e políticos deciden o futuro da nosa terra nun despacho.”

A continuación, [MARUXA ABELLEIRA](#) da Asociación Nove Refachos e a Plataforma Caiño Brancellao -que agrupa persoas afectadas polos polígonos [Caiño](#) e [Brancellao](#)-, destacou que “houbo un tempo no que non nos decatábamos e os concellos non facían pública toda a información da que dispoñían. Isto cambiou cando a veciñanza comeza a organizarse e a ler o DOG e o BOE diariamente”. Dende o primeiro momento no que se ten constancia da posíbel construción dun destes megaproxectos, “desátase un clima de tensión nas nosas tranquilas vidas rurais; no mellor dos casos, hai 30 días para alegar e comezan as reunións informativas aos veciños”. Un dos primeiros pasos, explicou, é “ver onde caen os eólicos e as liñas de alta tensión; hai que resaltar o traballo dos compañeiros do [Grupo GIS](#), onde participan activamente o Sindicato Labrego Galego e Monfero di Non, entre outros, elaborando mapas que reconstrúen

virtualmente as poligonais eólicas. Aí é cando nos decatamos de que teremos [eólicos de máis de 200 metros](#) -4 veces a altura da Torre de Hércules- a 500 metros das nosas casas, dos colexios e parques públicos, ambulatorios etc. Que nos van expropiar as terras para instalar uns “mamotretos” que, en ningún caso, servirán para reducir a factura da luz. Que se construírán polígonos enriba de [zonas naturais protexidas](#), incluso en Reservas da Biosfera da Unesco, e tamén pasando por riba ao noso patrimonio cultural -castros, petroglifos, mosteiros e diferentes Bens de Interese Cultural-. O seguinte paso a seguir é conseguir alegacións. E aí hai que resaltar o traballo da asociación 'Petón do Lobo' que está a elaborar alegacións moi técnicas, extensas e sen ánimo de lucro para toda Galicia”.

Abelleira subliñou tamén que o mapeo dos polígonos industriais revela que “hai un acordo soterrado por parte das administracións europea, estatal e galega de converteren Galicia na súa [terra de sacrificio](#). Coa escusa da transición ecolóxica, estanse a empregar modelos macro industriais e devoradores de recursos naturais que anulan a condición de “enerxías limpas” coa que se concebiron inicialmente as renovables. Ademais, cada día as cousas se poñen máis difíciles. As administracións europeas, estatais e galegas planean eliminar os estudos de impacto ambiental destes proxectos e mesmo o dereito da cidadanía a alegar, facendo cada día máis complicada a defensa da terra.”

Neste aspecto, central nas reivindicacións que procura situar a mobilización convocada para o domingo 25 de setembro, abondou **ARANZA GONZÁLEZ**, da Asociación Aire Limpo nas Mariñas Mandeo, afectada polo macropolígono eólico [Monte do Gato](#). “Vemos como [a lexislación está adaptada para as empresas e non para a cidadanía](#). Primeiro ca lei de depredación da Xunta de Galicia (2017), que reduce o tempo de exposición pública e alegacións de 30 a 15 días, [condenada polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia](#) (TSXG). Pero tamén dende marzo deste ano a nivel estatal, colándonos nos os artigos 6 e 7 do RDL6/2022 de medidas sociais pola guerra na Ucraína a simplificación e acurtamento de trámites administrativos. Ademais, eliminan a participación pública, porque a diferenza do que acontece actualmente cas alegacións, cando o van a sacar a público xa leva un informe de impacto ambiental que acordaron entre a empresa e o órgano de avaliación ambiental, que non ten nin que respostarlle, con 10 días de silencio administrativo está todo aprobado. A día de hoxe con este RDL6/2022 xa se tramitaron 8 proxectos en Galicia. E como semella que non lles parece abondo, isto estase levando tamén a nivel Europa. A actual normativa europea relativa ao fomento de enerxías renovábeis [vai ser modificada](#) para que se simplifiquen os trámites administrativos a estas empresas, que se reduzan os prazos a 15 días. As organizacións sociais estamos presentando alegacións, o prazo está aberto até o 27 de setembro. Nesta parte que se quere modificar é onde está o *quid* da resolución do TSXG, que dixo que había normativas europeas que non permitían a redución de tempos, pero se avanza esta modificación xa lle adaptarían tamén a lexislación europea a isto.”

Aranza González convidou a que o 25 de setembro “sexamos os máis posíbeis, para decirlle aos nosos representantes no Parlamento galego, en Madrid e en Europa que teñen que legislar para nós, non para os *lobbies* enerxéticos, porque se siguen aprobando leis que legalizan esta situación, isto vai supor a depredación e o espolio de Galicia e dos demais territorios sobre os que están caendo estes proxectos”.

Concretando esta solicitude, **MIQUEL DOURADO**, integrante de Xuventude polo Clima Galicia - Fridays For Future presentou as [reivindicacións](#) da mobilización que terá lugar na Coruña baixo o lema “O pobo galego unido contra a depredación enerxética”:

- Paralización de tódolos parques industriais eólicos en tramitación dende 2019.
- Revisión e sometemento a avaliación estratéxica do Plan Sectorial Eólico de Galicia (1997).
- Derogación da Lei de Implantación de Actividades Empresariais (2017).
- Derogación da Lei de Simplificación Administrativa (2021).

- Peche de prazo de emendas e realización de votación para proceder á eliminación dos artigos 6 e 7 do RDL6/2022.
- A elaboración dunha lexislación que estableza os mecanismos, institucións e normativa pertinente para conformar un modelo de xestión pública participativa de calquera tipo de enerxía producido en base aos recursos naturais presentes no territorio galego. O actual grao de dependencia social, así como os máis que notables impactos humanos e ecolóxico do seu desenvolvemento esixen imprescindiblemente que tanto a produción como a comercialización da enerxía sexan rescatadas das lóxicas de mercado e xestionadas ao seu completo por institucións públicas de xeito inmediato.
- Un estudo da actual produción e consumo enerxético na Galiza realizado polas Universidades públicas galegas.
- Un plan público de redeseño do consumo enerxético con perspectiva decrecentista, garantindo a nosa soberanía enerxética en base a comunidades de enerxías renovábeis combinadas co obxectivo de limitar o impacto destas instalacións, mitigando perdas en desprazamento e favorecendo o control sobre o recurso por parte da poboación.

ARQUIVOS:

** [IMAXES](#) e [CORTES DE AUDIO](#) correspondentes á rolda de prensa celebrada no CS A Comuna (A Coruña)

Máis información:

Foipolovento.org
@FoiPoloVento (FB, Twtr, IN)
foipolovento@riseup.net